

CHICHO O MIENTRAS EL CUERPO AGUANTE (UNA COMEDIA DIDÁCTICA)

Fernando Trueba, 1981

1832

ESTREA EN NUMAX: 25.09.2026 | V.O. | Todos os públicos

Non ficción sobre a vida do cantautor e filósofo Chicho Sánchez Ferlosio, fillo do escritor falanxista Rafael Sánchez Mazas e irmán do escritor Rafael Sánchez Ferlosio. O filme retrata a vida cotiá e as reflexións dun cantautor irrepetible, así como o propio dispositivo de rodaxe, con Fernando Trueba a dirixir a súa segunda longametraxe. Un achegamento á vida de Chicho e a súa compañeira Rosa a través das súas cancións de resistencia

Ano: 1981
Duración: 89 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: Fernando Trueba
Guión: Fernando Trueba
Participación: Chicho Sánchez Ferlosio, Rosa Jiménez, Isabel Escudero
Montaxe: Miguel Ángel Santamaría
Son: Bernard Ortion
Música: Chicho Sánchez Ferlosio
Fotografía: Ángel Luis Fernández
Produtora: Ópera films
Distribuidora: Los Ilusos

PREMIOS E FESTIVALS
Donostia 2026 (Klasikoak)

«Unha xoia do cinema español a redescubrir»

miguelangelvivr, LETTERBOXD



CHICHO O MIENTRAS EL CUERPO AGUANTE (UNA COMEDIA DIDÁCTICA)

Fernando Trueba, 1981

EUROPA
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Fernando Trueba: «Chicho levaba a lóxica aos últimos extremos»

Por Iñako Díaz-Guerra e Alberto Di Lolli

Que aprendiches de Chicho? Fascinábame da súa personalidade que tiña un sentido lóxico radical. Levaba a lóxica aos seus últimos extremos. Cando coñecín a Chicho, contábanse moitas historias del, algunhas tan xeniais que me pregunto se poden ser verdade. Por exemplo, contaban que naquela época nos billetes poñía que "o Banco de España pagará ao portador o seu prezo en ouro" e el presentouse alí, en Cibeles, cun billete de 100, foi á caixa e dixo: "Veño cobrar este cheque". O caixeiro, perplexo, díxolle que aquilo que poñía no billete era unha forma de falar e Chicho respondeulle: "Pretende vostede dicir que o Estado está a enganar os cidadáns?".

Era fillo de Rafael Sánchez Mazas, escritor, xornalista e fundador da Falanxe, e irmán de Rafael Sánchez Ferlosio, un dos grandes das nosas Letras. Iso é. Sánchez Mazas foi ministro sen carteira de Franco despois da guerra. Escribira a letra do "Cara al sol", era un poeta e novelista respectado, pero... Que ocorría? Que non ía aos Consellos de Ministros. Importáballes unha merda todo aquilo. Isto contoumo Chicho con orgullo porque, a pesar das diferenzas ideolóxicas, gardáballes moitísimo cariño ao seu pai..

Como era o Fernando Trueba de 1981? Era igual que o de agora, pero corría moito máis rápido.

Que te leva, con 26 anos e xusto despois do éxito de *Ópera prima* (1980), a facer unha película tan pouco comercial como esta de Chicho? Por unha banda, a fascinación polo personaxe e, por outra, o rexeitamento do éxito. Naquela época, a xente da miña xeración sempre se preguntaba se un disco ou unha película era comercial ou de calidade. Non había punto medio. E eu pensaba: "Home, *O home que matou a Liberty* Valance de John Ford é comercial e de calidade, e *Grupo salvaxe*, de Sam Peckinpah". Pero había esa caste de dogma de que se algo tiña éxito, non era bo e se era bo, ninguén o vía. Entón, eu tiña unha necesidade de lavar o éxito e esta película era perfecta para iso porque non a ía a ver ninguén. Gustábame moito facer comedias, pero non me gustaba e nunca me gustou facer películas coma churros.

Como viviu o teu célebre grupo de amigos da universidade (Antonio Resines, Óscar Ladoire, Carlos Boyero...) esa España que cambiaba de golpe? Recordo como moi tolos os últimos anos do franquismo. Tiñamos 17, 18, 19 anos e era unha loucura. Estabamos todo o día bébedos, tomando drogas, montando cirios e festas. Eramos moi libres a todos os niveis e as nosas amigas, tamén. Faciamos barbaridades e con Óscar dedicábame ao escándalo público, a disfrazarnos, a aparecer en calquera sitio facendo o imbécil. Estabamos a facer o bobo desde que nos espertabamos ata que nos deitabamos. Resines, pola súa banda, ía sempre con muletas e escaiola porque rompía os ósos xogando ao rugby.

Estabas involucrado en movementos políticos naqueles anos efervescentes? Eu era máis hippie e surrealista que outra cousa. O meu mestre de pensamento era André Breton. No aburrimiento do Franquismo só había un tipo de persoa. Era todo insoportable salvo cando aparecía en pantalla un ser único que se chamaba Salvador Dalí e podía falar sobre a estrutura molecular do látex e do ácido desoxirribonucleico. No medio de todos os plastas e os curas, Dalí parecíame un raio de luz que viña do ceo para facerme rir e eu, fillo do surrealismo, amábao. Non pola súa pintura, que me parece un coñazo, senón pola súa personalidade naquela España gris.

Publicado en elmundo.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*de Chicho: Canciones,
poemas y otros textos,
Chicho Sánchez Ferlosio.
Hiperión*

NUMAX **10**
numax.org